

"DEBEMOS FORTALECER O ECOLOXISMO PARA PODER AFRONTAR AS NOVAS AMEAZAS"

Entrevista por Belén Rodríguez

- Por que "o ecoloxismo, máis necesario que nunca"?

- Por dous lados, porque en ADEGA necesitamos fortalecernos como organización e porque o cambio político en Galiza augura fortes retos para o ecoloxismo. Os dezaseis anos de goberno da Xunta ao fronte de Manuel Fraga, e sobre todo ao remate da última lexislatura popular, foron moi prexudiciais para o medio ambiente galego, e agora cremos que debemos de estar moi atentos ás novas políticas que promova o goberno de Alberto Núñez Feijoo.

- O prognóstico é preocupante, entón?

- Si, porque, entre outras cousas, vanse debater moitos Planos sectoriais e modificar ou crear as leis. Por exemplo, a nova lei eólica non obriga a facer avaliación de impacto ambiental dos proxectos. Outra cousa que nos preocupa especialmente é a catividade da Rede Natura, a elaboración e aprobación de novos Planos (Eólico, Hidroeléctrico, Acuícola) podería derivar na ocupación de certos espazos que nós consideramos que deberan ser protexidos. Pediremos a ampliación inminente da Rede natura, e se non hai vontade, recorreremos directamente á Unión Europea.

- Que vai esixir ADEGA para a ordenación do litoral?

- En primeiro lugar, que se restrinja a construción nos 500 metros desde a liña de costa, algo que se deba considerar no Plano de Ordenación do Litoral, arestora en elaboración. Ademais entendemos que é necesaria unha lei que protexa o litoral do urbanismo abusivo e excesivo e dos proxectos industriais irrespectuosos co ambiente e coa sociedade costeira. Polo tanto, unha vez que coñezamos como se pretende protexer esta fran-



xa litoral tomaremos as medidas adecuadas, non desbotando se fose necesario a promoción dunha Iniciativa Lexislativa Popular en defensa do Litoral.

- Que significa a defensa "a ultranza" da Rede Natura?

- As sentenzas positivas para o ambiente emitidas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza con respecto ao caso de Rinlo, polas que se anula o proxecto acuícola de Acuinor nun espazo de Rede natura, danos forza e argumentos para impedir que este tipo de instalacións continúen proliferando nestes espazos protexidos. Se a nivel xudicial nos dan a razón, esta é a vía axeitada para defender novas agresións á Rede natura. Ademais de animar á mobilización social, ADEGA volverá a acudir aos tribunais e a presentar denuncias se fíxese falla.

- Os ríos galegos volven á situación de hai catro anos?

- Aínda non estando ao 100% de acordo coas actuacións do bipartito, con respecto aos ríos impulsou unha moratoria moi positiva na construción de minicentrales e tiña previsto aprobar un Plan Hidroeléctrico que facía fincapé na aplicación efectiva da Directiva Marco da Auga e na cons-

trucción cero de máis minicentrales. Agora, todo parece indicar que este documento non se vai aprobar, vaise modificar e ao mellor en dous anos non temos outro, quedando vixente o plano hidroeléctrico de Fraga. Non podemos descansar neste senso e é posíbel que teñamos que reactivar determinadas plataformas sociais.

- Que papel terá agora Adela Figueroa na organización?

- Adela non deixa a organización, senón que vai seguir formando parte da Directiva e traballando polo ecoloxismo, aínda que dun xeito máis tranquilo posto que ten dereito a un descanso máis que merecido, logo de ostentar un cargo tan intensivo como o da Presidencia. Un dos seus papeis fundamentais vai estar na creación da Fundación Cerna Viva e no fortalecemento da asociación, outra das prioridades de ADEGA nestes momentos. Queremos reforzar as delegacións e que as vogalías se coordinen mediante comisións de traballo para que as nosas accións sexan máis efectivas.

- E as previsións da Eira da Xoana para este ano?

- Xa temos o equipamento practicamente rematado e neste ano iniciaremos a súa actividade. Estamos a elaborar o Proxecto Educativo no que se establecen as liñas estratéxicas, temáticas de actuación e público de destino. Logo presentaremos a nosa oferta a centros de ensino, asociacións e outros colectivos interesados na recuperación dos saberes populares e naturais desde o eido rural.

- Que lle dirías á sociedade interesada na defensa medioambiental do País?

- Que participe de xeito activo na defensa ambiental de Galiza e que se asocie, se non o está, a ADEGA ou a outros grupos ecoloxistas.